

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE CASTRELO DE MIÑO.

#### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou co concello de Castrelo de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que vai desde o día da sinatura (28/10/2021) ata o día 31/12/2021.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Castrelo de Miño para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde desa localidade, propiedade do concello.

Segundo se detalla no informe achegado polo Concello, as obras de reforma consistirán no seguinte: Reparación de persianas e estores interiores das xanelas, substitución de peches de carpinterías de aluminio danadas, pintado de parámetros verticais e horizontais, pintado portas interiores de caixóns de persianas, pintado de fachada exterior, pintado de peche frontal, e substitución e mellora da iluminación de entrada ao centro.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en facilitar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no concello en cuestión, faise necesario acometer unha serie de obras de reforma no centro de saúde do citado concello.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza

estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

